



CONCELLO DE  
CASTRELO DE MIÑO



REDE DE  
TÉCNICOS  
DE EMPREGO  
DE GALICIA

## Anuncio 8/2010: Cursos de linguaxe administrativa galega nas escolas oficiais de idiomas de Galicia (ED104G).

O pasado 14 de xaneiro de 2011 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 9, . Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se convocan, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nos períodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.

A **finalidade** desta orde é Convocar, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior, para a consecución dos certificados de lingua galega (Celga), nos niveis 1, 2, 3 e 4, para o ano 2011, nas es colas oficiais de idiomas de Galicia que se indican nos anexos II e IV, respectivamente.

Os cursos impartiranse en dúas quendas: a primeira comezará en febreiro/marzo de 2011 e a segunda en outubro de 2011, en horario de mañá ou de tarde.

Serán **beneficiarios** desta axuda:

- 1) persoal das diferentes administracións públicas de Galicia que se encontre en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar. Exceptúase o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, sempre que non desempeñen postos na Administración xeral.
- 2) As persoas maiores de dezaseis anos que non sexan empregados/as públicos/as e posúan os certificados ou acreditacións de ter superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa galega, de perfeccionamento de lingua galega ou certificado de lingua galega 4 (Celga 4).

A **documentación** necesaria para solicitar dita axuda será a seguinte:

- 1) Solicitud conforme o modelo oficial que figura.
- 2) Xustificate de ser persoal ao servizo das diferentes administracións públicas de Galicia certificados.
- 3) Acreditacións de ter superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa galega, de perfeccionamento de lingua galega ou certificado de lingua galega 4 (Celga 4).

O prazo de presentación de solicitudes será ata o **3 de febreiro de 2011**.

Neste ámbito, como axente de emprego e desenvolvemento local do concello estou á súa enteira disposición nas oficinas municipais para atender a calquera dúbida ou consulta que lle poida xurdir e proporcionarlle a colaboración necesaria na tramitación das solicitudes que poida presentar ó abeiro desta orde.

Castrelo de Miño, 19 de xaneiro de 2011  
A axente de emprego e desenvolvemento local



M<sup>a</sup> Dolores Vázquez Araújo